



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

14 de xuño 2024

-Veste ao Encontro ClubUE?

Tres días de formación gratuíta en Oviedo con compañeiros e compañeiras do ClubUE Asturias para aprender sobre seguridade en Internet.

-Oposicións da Unión Europea nos ámbitos da estatística e a xestión de crises, migración e seguridade interior - ata o 9 de xullo

A Comisión Europea abre proceso de oposicións para postos de datos e estatísticas, estatísticas macroeconómicas, xestión de crises e migración e seguridade interior.

-Prácticas na Axencia Europea de Seguridade Marítima - ata o 28 de xuño

Formación remunerada dun ano para diferentes perfís profesionais na sede da axencia en Lisboa.

-Formación remunerada na axencia europea eu-LISA - ata o 15 de xullo

Seis meses de formación remunerada para diferentes formacións relacionadas coa IT en Estrasburgo.

-Certame Nacional de Mocidade Emprendedora - ata o 12 de xullo

Convocatoria de axudas de 20.000 euros para apoiar a mozos que lideran proxectos innovadores e viables, de empresas xa constituídas, cunha antigüidade máxima de tres anos e mínimo dun, con independencia do sector no que se promovan.

-European Job Days:

-Living in Denmark - o 20 de xuño

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

Queres traballar en Dinamarca? Nesta feira de emprego de Eures podes coñecer as condicións laborais e de vida no país e orientacións para atopar alí un emprego.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:

-Voluntariado nun café cultural de Berlín - ata o 6 de setembro

Un ano de traballo voluntario en tarefas administrativas e organización nun café cultural centrado na inclusión de menores refuxiados.

-Traballo de apoio a adultos con discapacidade - ata o 16 de xuño

Dez meses de traballo para organizar actividades de ocio e acompañamento nun centro en Austria.

E lembra!

-Oposicións da Unión Europea para administración no ámbito da Economía - ata o 9 de xullo

A Comisión Europea busca administradores nos ámbitos da Microeconomía/macroeconomía, Economía financeira e Economía industrial cun mínimo de tres anos de experiencia profesional.

-Prácticas en Recursos Humanos no Centro de Satélites da Unión Europea - ata o 27 de xuño

Formación remunerada de seis meses, ampliables, na sede de Torrejón de Ardoz do Centro de Satélites da Unión Europea.

-Formación en comunicación no Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero - ata o 14 de xuño

Unha praza para realizar prácticas remuneradas durante seis meses na sede do instituto en Lituania.

-Prácticas de deseño gráfico na Empresa Común para a Iniciativa de Saúde Innovadora - ata o 1 de xullo

Formación de entre tres e seis meses no ámbito do deseño gráfico na oficina de Bruxelas.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

-Bolsa de formación en políticas e programas europeos no ámbito da innovación e da investigación - ata o 8 de xullo

A Fundación Galicia Europa convoca unha bolsa remunerada dun ano na súa sede de Bruxelas sobre políticas e programas da UE no ámbito da innovación e a investigación.



Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

